



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PROVIDENCIA DE INICIO.

No uso das competencias locais recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da **Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local**, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do **Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais**, este Concello considera oportuno e necesario a MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ASISTENCIA E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DO CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES DE LOUSAME, co fin de actualizala e adaptala á normativa en vigor.

En aplicación do Decreto 99/2012 de 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu funcionamento, no artigo 62 da participación dos usuarios no financiamento doutros servizos sociais comunitarios nos que se aplique o copagamento. que establece no punto 3 *“..Para o caso de servizos distintos aos referidos nos puntos 1 e 2 deste artigo e susceptibles pola súa natureza de incorporar un copagamento, os concellos poderán establecer sistemas de participación das persoas ou unidades de convivencia..”*e no punto 4 *“En calquera caso establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica”* este concello debe proceder á modificación da vixente ordenanza reguladora do prezo público por asistencia e servizos complementarios do Centro de Día para persoas maiores de Lousame.

Para ese efecto,

DISPŌÑO: Que polo Departamento de Servizos Sociais se emita informe-proposta sobre a modificación que é preciso efectuar no texto da actual Ordenanza reguladora.

En Lousame na data da sinatura dixital.

A alcaldesa.

Asdo.: M^a Teresa Villaverde Pais.